sumario

Calendario Escolar 13-14 2
Editorial 3

colaboracións

Traballando desde a poesía. 4

Eduación Física e actividade física fóra de horario lectivo 5

complementarias

Mallorca 2013 6

Museos científicos coruñeses 7
Arquesán
Luz cor e sombra

Obradoiro de cociña 8

Coñecemos a Vivaldi 8

Unha bandada de contos 9
Nós tamén somos artistas

A seguridade en Internet 10
Teddy bear hospital

Saimos pola cidade 11

Promoción 2004-2013 12 e 13
Pasamos a Primaria

Obradoiro de Hixiene buco-dental 14

escolares

A nosa Granxa 16
Simulacro de evacuación

Letras Galegas 19 e 20

biblioteca 21 e 22

anpa 23

editorial

Que pasemos unhas felices vacacións

Xosé Manuel Casaleiro
Director

Remata o curso 2012-13 e resulta difícil non ser reiterativo a respecto do curso anterior. A secuencia sempre se cumpre. Non terminamos o actual e xa é preciso comezar a preparar o seguinte. Que si o calendario escolar, que si os libros de texto, que si a organización do primeiro día de curso, que si o material escolar ...

Ainda así é necesario pararse e ollar o traballo desenvolvido de cara a incidir naqueles aspectos que puideran ser susceptibles de mellora.

A nivel descriptivo e confirmando ao que xa anticipabamos a inicio de curso, puxemos en funcionamento as 9 seccións bilingües anunciadas, contamos cun auxiliar de conversa, Ken, que colaborou na mellora da competencia no inglés oral do noso alumnado; iniciamos o proxecto ABALAR en 5º de EP, esperando que teña continuidade en 6ºEP o vindeiro curso; continuamos coa nosa participación no Plan de Mellora das Bibliotecas Escolares; e realizamos tres Plans Proxecta sobre a reciclaxe, a paisaxe e a meteoroloxía.

A todo isto debemos engadir un curso repleto de actividades extraescolares e complementarias. Planificáronse preto de 50 actividades que implicaron directamente a máis de 9500 alumnos, a unha media de 14 actividades cada un.

Ainda así quedou pendente a revisión, comprometida, dalgún dos apartados do Proxecto Educativo, xustificado pola espera do que a LOMCE, cual espada de Damocles, depare sobre os derroteiros e o futuro inmediato do sistema educativo. Quedáronnos pendentes tamén, ata decembro, certas melloras nos equipamentos xerais do centro, e a respecto do novo patio cuberto témoslle reiterado á Administración a necesidade da construción do mesmo.

Tamén, como todos os anos é tempo das despedidas. A do alumnado de 6º que se vai para o Instituto e que xa tivo o seu primeiro contacto coas profesoras de francés e alemán do Rosalía; a do alumnado que cambia de centro; a do profesorado que se xubila, Carme e Chelo; e a do profesorado provisional. Desexándolle a todos que teñan sorte nas súas novas actividades, e esperamos que se lembren de nós.

Tamén daremos a benvida, ao novo alumnado e ás súas familias; ao profesorado privisional que se incorporará ao centro no vindeiro curso(2) así como á nova auxiliar de conversa .

Para rematar e non estendernos máis, desde o equipo directivo, a pesares dos tempos que estamos a vivir, queremos desexar a todas as familias e ao persoal do centro unhas felices vacacións.

Un saúdo e ata setembro.

ADMISIÓN 13-14

Un ano máis remata o periodo de admisión de novo alumnado no CEIP Pío XII con máis demanda que oferta. No histórico das solicitudes obsérvase unha tendencia á alza nas mesmas, que culmina para o 13-14 cun incremento superior, en termos absolutos, ao dos cursos anteriores e cun maior diferencial entre solicitudes e prazas ofertadas.
Dámoslle a noraboa aos que obtiveron praza, e aos que non, lamentar que non a tiveran acadado, agradecerlle a confianza posta neste centro público e convidalos, si así o desexan, a probar de novo o curso seguinte.



Ata sempre

Este curso despidense de nós dúas profesoras, dúas compañeiras, dúas traballadoras infatigables que levan a maior parte da súa vida adicada á ensinanza.
Vai ser estraño entrar na titoría de 3º ciclo e non ver a Carme ou a Chelo detras dunha "montaña" de libretas, correxindo os traballos dos seus alumnos e alumnas.
Desexamos, e así vai ser, que sexan felices nesta nova etapa e, como a todos os que antes se xubilaron, contamos velas moitas veces de visita no que será sempre o seu colexio.